



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. A/S/C39-15

ANUNCIO

Asto.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DOS SERVIZOS DE BAR-CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (CANON)

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o **03 de novembro de 2015** adoptou entre outros o seguinte acordo:

1º Adxudicar a IPEANSA CATERING S.L , con CIF. B-94.117.710 e domicilio social en avda. José Novas, núm. 27, Aldán, Cangas (Pontevedra), o contrato administrativo especial do "SERVIZOS DE BAR-CAFETERIA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELL DE BUEU" polo importe anual de 15.000,01 euros.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (oferta económica (RE núm. 8229 de 30.09.2015 e do proxecto descriptivo do servizo de explotación presentado tras o requerimento previo á adxudicación do contrato (RE núm. 8585 de 15.10.2015), as procedimentais sinaladas nos PCAP e PPT e as relativas á execución do contrato que resultan dos citados PCAP, relacionadas principalmente na cláusula XI dos PCAP,e as seguintes:

- As que resulten do TRLCSP, Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, por el que se aproba o Regulamento xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas en cuanto estea vixente.
- As que resultan da resolución de 28.07.2015 do Presidente de Portos de Galicia (RE núm. 5939/15 de 30 de xullo de 2015) e na lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia e no seu Regulamento, na lexislación de Portos do Estado e da mariña mercante, hoxe integrada na redacción actual do texto refundido aprobado por R.D.L 2/2011 de 5 de setembro, na lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e nas demais disposicións aplicables ás concesións sobre dominio público portuario
- As que resulten das ordes que ao efecto emita o responsable do contrato
- A presentar ante a Administración portuaria con carácter previo ó inicio da actividade, aos efectos procedentes, os plans de prevención de riscos laborais e de continxencias e emerxencias que resulten preceptivas segundo a normativa xeral e particular de aplicación ao Porto de Bueu.
- Antes do inicio da actividade deberá xustificar a instalación dunha arqueta separadora de graxas e a formalización dun contrato con empresa autorizada para a recollida de aceites e graxas comestibles (*informe do arquitecto técnico municipal de data 19.10.2015 emitido ao proxecto descriptivo do servizo de explotación presentado por IPEANSA CATERING S.L en cumprimento do disposto na cláusula VIII.4.f) dos PCAP*)

Consonte a cláusula X do PCAP e do art. 156.3 TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes o da recepción da notificación do acordo de adxudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula I.2 e II dos PCAP. O prazo de duración do contrato será de DOUS (2) ANOS estando previsto o seu inicio na data seguinte á de formalización do contrato en documento administrativo. Poderá acordarse a súa prórroga por períodos dun ano sen que a duración total das prórrogas no seu conxunto, sexa superior ao período inicialmente

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

contratado, polo que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas non pode exceder de catro (4) anos. A intención de prorogar o contrato deberá manifestarse cunha antelación mínima de 3 meses antes da data da súa finalización.

Ao respecto do prazo do contrato, o servizo de bar-cafetería obxecto do contrato administrativo especial queda condicionado polo prazo da concesión administrativa a favor do concello de Bueu, en base á resolución de 27.11.2000 (RE núm. 6468/14 de 11.12.00) de Portos de Galicia (Consellería do Mar e do Medio Rural), prorrogada mediante resolución do Presidente de Portos de Galicia de 09.09.2015 (RE núm. 7118/15 de 14.09.2015), da parcela de dominio público portuario adscrito ao porto de Bueu sobre a que ditas instalacións se ubican, sen que a duración do contrato poida superar dito prazo concesional.

Neste senso, a extinción por calquera causa da concesión implicará a rescisión automática do contrato (cláusula X dos PCAP)

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

IDENTIDADE	RESULTADO
RAMON PORTELA CRESPO. DNI: 53.112.020-Y	ADMITIDA
MARIA DEL CARMEN PORTELA CRESPO. DNI: 36.125.672-D	ADMITIDA
IPEANSA CATERGING S.L .CIF. B-94.117.710	ADMITIDA
SILVIA MARTINEZ CANOSA. DNI: 53.112.535-S	ADMITIDA

O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.

En Bueu, a 05 de novembro de 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas